



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVICIO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Refer. PCO.001.2019.00090

Expte. TACGal Recurso nº 223/2020. Resolución nº 221/2020

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DISPÓN A EXECUCIÓN DA RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA Nº 221/2020 DITADA NO RECURSO Nº 223/2020 EN RELACIÓN COA ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA SOLUCIÓN INFORMÁTICA PARA A XESTIÓN DAS TAXAS E PREZOS PÚBLICOS DOS ENTES LOCAIS DA PROVINCIA DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2019.00090

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Con data 22 de decembro de 2020 o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ditou a resolución nº 221/2020 no recurso nº 223/2020 interposto por AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS S.L.U. contra o acordo do 12.11.2020 de adxudicación do acordo marco para a prestación dos servizos de implantación dunha solución informática para a xestión das taxas e prezos públicos dos entes locais da provincial da Coruña, expediente PC0001201900090 da Deputación Provincial da Coruña.

A Resolución do Tribunal inadmite o recurso e acorda levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP.

De conformidade cos artigos 57.4 e 59 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO:

- 1º) Dispoñer a execución da resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia nº 221/2020 ditada no recurso nº 223/2020, nos seus propios termos.
- 2º) Levantar a suspensión do procedemento automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP.

Esta Resolución dítase en cumprimento da ditada polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, que é directamente executiva no seus propios termos, definitiva na vía administrativa e contra a que cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación da dita resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.